

Actividade Inicial (Exercicio de Autoavaliación)

XEODINÁMICA INTERNA. IMPACTOS

1) A división dinámica da xeosfera comprende:

- ☐ Codia, litosfera, mesosfera e núcleo.
- ☐ Codia, manto e núcleo.
- ☐ Litosfera, astenosfera, mesosfera, núcleo externo e núcleo interno.

2) A enerxía que sustenta o sistema terra provén de:

- ☐ Calor interno.
- ☐ Calor interno e radiación electromagnética solar.
- ☐ Calor externo: radiación solar.

3) Composición química do manto:

- ☐ Aluminosilicatos.
- ☐ Silicatos ferromagnesianos.
- ☐ Basaltos.

4) Definimos risco como:

- ☐ Posibilidade de perdas humanas, materiais e de capacidade de produción.
- ☐ Posibilidade de que ocorra un proceso paroxísmico.
- ☐ Posibilidade de que ocorra un terremoto.

5) Consideramos perigo volcánico a:

- ☐ Rotura de presas.
- ☐ Chuvia de piroclastos.

☐ Desaparición de acuíferos.

6) As erupcións volcánicas de tipo hawaiano son:

☐ Exploxividade elevada.

☐ Explosividade media.

☐ De escasa ou nula perigosidade.

7) As ondas sísmicas que producen os destrozos son:

☐ As ondas P.

☐ As ondas R e L.

☐ As ondas P e S.

8) A escala de Richter mide:

☐ Enerxía liberada.

☐ Capacidade de destrución.

☐ Enerxía liberada e capacidade de destrución.

9) Son danos sísmicos :

☐ Nubes ardentes.

☐ Chuvia de piroclastos.

☐ Tsunamis.

10) Son medidas de prevención dos riscos sísmicos:

☐ Edificación en sustratos rochosos estables.

- ☐ Establecer un control de vulcanismo.
- ☐ Edificación de edificios sen cementos aislantes.

SOLUCIÓN:

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
C	B	B	A	B	C	B	A	C	A

Exercicio de Autoavaliación

XEODINÁMICA INTERNA. IMPACTOS

No seguinte texto detecta tres erros:

Enténdese por recursos hídricos naturais dunha determinada rexión o volume de auga mariña de que podería dispor nesa rexión de forma natural, sin realizar obras. Expresase en valores medios anuais, considerando como periodo de tempo o ano hidrolóxico (en España comenza o 1 de outubro, momento no que o almacenamento de auga é mínimo e termina o 30 de setembro).

Os recursos hídricos depende das precipitacións e da evapotranspiración pero non da distribución da poboación humana, é dicir, unha rexión árida, con escasa pluviosidade e alto índice de evapotranspiración potencial non presentará ecosistemas naturais adaptados a esas condicións, si asenta aquí unha poboación a auga será un grave problema nestos lugares, só será posible o establecemento humano con unha boa xestión da auga e un uso racional e sostible. O norte de África, Oriente Medio, México, Oeste de Estados Unidos, zona central de Rusia e unha gran extensión de Australia son exemplos deste tipo de rexións.

SOLUCIÓN:

Enténdese por recursos hídricos naturais dunha determinada rexión o volume de auga **superficial e subterránea** de que podería dispor nesa rexión de forma natural, sin realizar obras. Expresase en valores medios anuais, considerando como periodo de tempo o ano hidrolóxico (en España comenza o 1 de outubro, momento no que o almacenamento de auga é mínimo e termina o 30 de setembro).

Os recursos hídricos depende das precipitacións e da evapotranspiración **e tamén** da distribución da poboación humana, é dicir, unha rexión árida, con escasa pluviosidade e alto índice de evapotranspiración potencial **presentará** ecosistemas naturais adaptados a esas condicións, si asenta aquí unha poboación a auga será un grave problema nestos lugares, só será posible o establecemento humano con unha boa xestión da auga e un uso racional e sostible. O norte de África, Oriente Medio, México, Oeste de Estados Unidos, zona central de Rusia e unha gran extensión de Australia son exemplos deste tipo de rexións.

Exercicio de Autoavaliación

XEODINÁMICA INTERNA. IMPACTOS

No seguinte texto detecta seis erros.

As medidas preventivas están en función do tipo de erupción:

- **Hawaiana:** perigosidade escasa ou nula debido a que as súas lavas son moi viscosas formando extensas coadas, cono en forma de escudo invertido, constituído por cinzas, de pendente forte e cume plano, non explosivo ou explosións suaves, frecuencia diaria, columna eruptiva duns 100m., radio de acción menor de 100 m. (Timanfaya).
- **Estromboliana:** explosións lixeiras, cono grande, simétrico de forte pendente, constituído por piroclastos, erupcións constantes con explosións intermitentes que fragmentan a lava, non emite coadas, a columna eruptiva alcanza grande altura, mais de 1 Km. Radio de acción de 0,1 a 5 Km. (Estromboli, algunha erupción de Teide).
- **Vulcaniana:** explosividade alta, prodúcese ao derrubarse a cheminea volcánica, emisión abundante de piroclastos, coadas de lava de carácter intermedio, columna eruptiva de 1 a 20 Km. de altura, radio de acción de 5 a 1000Km., pequena posibilidade de formación dunha nube ardente, erupcións freato-magmáticas frecuentes (Nevado do Ruiz, Colombia).
- **Pliniana;** explosividade elevada, lavas moi viscosas, explosións medias, todo cinzas e pedra pómez, a columna eruptiva pode alcanzar a estratosfera, radio de acción mais de 1000 Km. , erupcións freato-magmáticas moi frecuentes, adoitan aparecer domos volcánicos, caldeiras e nubes ardentes, formación de lahares, explosións laterais e lahares (Vesubio).

RESPOSTA:

As medidas preventivas están en función do tipo de erupción:

- **Hawaiana:** perigosidade escasa ou nula debido a que as súas lavas son moi **fluídas** formando extensas coadas, cono en forma de escudo invertido, constituído por cinzas, de pendente **suave** e cume plano, non explosivo ou explosións suaves, frecuencia diaria, columna eruptiva duns 100 m. radio de acción menor de 100 m. (Timanfaya).
- **Estromboliana:** explosións lixeiras, cono **pequeno**, simétrico de forte pendente, constituído por piroclastos, erupcións constantes con explosións **constantes** que fragmentan a lava, non emite coadas, a columna eruptiva alcanza grande altura, mais de 1Km. Radio de acción de 0,1 a 5 Km. (Estromboli, algunha erupción de Teide).
- **Vulcaniana:** explosividade **media**, prodúcese ao derrubarse a cheminea volcánica, emisión abundante de piroclastos, coadas de lava de carácter intermedio, columna eruptiva de 1 a 20 Km. de altura, radio de acción de 5 a 1000 Km., pequena posibilidade de formación dunha nube ardente, erupcións freato magmáticas frecuentes (Nevado do Ruiz, Colombia).
- **Pliniana;** explosividade elevada, lavas moi viscosas, explosións **violentas**, todo cinzas e pedra pómez, a columna eruptiva pode alcanzar a estratosfera, radio de acción mais de 1000 Km. , erupcións freato-magmáticas moi frecuentes, adoitan aparecer domos volcánicos, caldeiras e nubes ardentes, formación de lahares, explosións laterais e lahares (Vesubio).